

- CARAMÉS VIÉITEZ, L. (1996): "O financiamento autonómico", *Revista Galega de Economía*, vol. 5, núm. 1, pp. 55-64.
- CARAMÉS VIÉITEZ, L.; VÁZQUEZ NAVARRETE, J. (1997): *Los problemas de la financiación autonómica: una perspectiva desde Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia.
- EZQUIAGA, I.; GARCÍA, F. (1998): "La reforma del IRPF y las comunidades autónomas", *Cuadernos de Información Económica*, núm. 135, pp. 65-69. Fundación de las Cajas de Ahorros Confederadas.
- MARTÍN AYALA, J.M. (1997): "El Fondo de Garantía", *Revista Palau 14*, núm. 29, pp. 51-77. Generalitat Valenciana.
- VÁZQUEZ NAVARRETE, J.A. (1997): "Un análisis del nuevo Sistema de financiación autonómico: corresponsabilidad fiscal y solidaridad territorial", *Revista Galega de Economía*, vol. 6, núm. 2, pp. 187-226.

## A FECUNDIDADE DE OURENSE: NOVA ESTIMACIÓN E EVOLUCIÓN COMPARADA, 1981-1991<sup>1</sup>

PABLO VISO OUTEIRIÑO / RAMÓN VAAMONDE PORTO  
Departamento de Historia e Institucións Económicas  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 19 novembro 1998

Aceptado: 10 maio 1999

**Resumo:** Na evolución recente da poboación de Galicia existe un grave problema de datos que distorsiona as análises que, dende a demografía ou as disciplinas que pretenden busca-las causas dos seus acontecementos, fan referencia á súa provincia interior. Este traballo ten unha dobre finalidade: corrixir as cifras oficiais e presentarlle unha aproximación ó curso da fecundidade nun período e nun espazo que ata o momento se presentaban escuros e confusos.

**Palabras clave:** Demografía / Fecundidade / Galicia / Ourense / Século XX / Corrección de estatísticas.

### FERTILITY IN OURENSE: NEW ESTIMATION AND COMPARATIVE EVOLUTION, 1981-1991

**Summary:** In Galician population recent evolution there is a serious data problem that affects certain analysis which; in demography or studies that intend to explain the causes of events; refers to Ourensean area. This paper has a double aim: to correct official figures and to make an approach to the course of fertility in a time and place that until now remain dark and troublesome.

**Keywords:** Demography / Fertility / Galicia / Ourense / 20th century / Statistics corrections.

## INTRODUCCIÓN

A mediados dos anos setenta a Europa meridional comeza a experimentar uns notables descenso nos seus niveis de fecundidade, similares ós acontecidos un lustro antes no norte do continente. No decorrer da seguinte década España rexistra a caída ininterrompida de maior intensidade de toda a actual Unión Europea e, ata hoxe en día, a diferenza doutros países non presenta síntomas sensibles de recuperación.

Galicia non é allea a este proceso; cun perfil evolutivo similar ó do conxunto español, a caída da fecundidade é de tal magnitude que converte este fenómeno no

<sup>1</sup> Este traballo foi elaborado no marco do proxecto de investigación *Desenvolvemento rexional e rural en Ourense (2ª fase)* financiado pola Fundación Florencio Álvarez (Ourense); unha primeira versión foi presentada no *Congreso de Economía de Galicia: Desenvolvemento e Globalización*, realizado na Facultade de Ciencias Económicas de Santiago de Compostela os días 23-25 de setembro de 1998.

máis relevante na determinación do seu desenvolvemento demográfico recente, deixando nun segundo plano o fenómeno migratorio. Dende 1980 xa non está asegurada a substitución xeracional e na actualidade presenta un dos graos de fecundidade máis baixos do mundo, significativamente inferior á media española<sup>2</sup>. As tendencias galegas maniféstanse de xeito moi particular na súa provincia interior. Nos primeiros anos da pasada década o modelo de fecundidade da provincia de Ourense, descrito polas cifras oficiais, amosa uns valores anormalmente reducidos.

Se discriminámo-la poboación da capital da do resto da provincia<sup>3</sup>, máis de dous tercios do total, os niveis de fecundidade acadados pola segunda pasan a ser dificilmente cribles, no tocante á súa magnitude, e cunha evolución totalmente á marxe do que sucede no seu contorno<sup>4</sup>. Apresurarse na busca de explicacións ou na avaliación das súas repercusións dende a economía, a socioloxía ou outras ciencias, levaríanos a un debate totalmente estéril. Existe un grave problema de datos que vicia de aleatoriedade as análises que, dende a demografía ou as disciplinas que pretenden busca-las causas dos seus acontecementos, fan referencia a esta provincia galega. Aínda que é certo que con motivo da elaboración do censo de 1991 os organismos oficiais de estatística detectan unha sobrevaloración nas cifras de poboación que, para a provincia de Ourense, reflicten tanto o censo de 1981 como o padrón de 1986<sup>5</sup>, tamén o é que os ecos desta advertencia non se viron reflectidos nos estudos científicos posteriores<sup>6</sup>.

Neste artigo propónse unha nova análise da fecundidade ourensá no último período intercensal (1981-1991). Nunha primeira parte estimamos, para cada un dos espazos, a contía de mulleres fértiles nos anos 1981 e 1986; a seguir aplicámo-las técnicas demográficas convencionais no estudio da fecundidade e, finalmente, expoñémo-las conclusións máis relevantes.

<sup>2</sup> Galicia mostra no ano 1997 unha media de 0,83 fillos por muller fronte ó 1,13 correspondente á media española (INE, 1998).

<sup>3</sup> No que segue identificarémo-la poboación urbana coa da capital (concello de Ourense) e a rural ou non-urbana coa do resto da provincia.

<sup>4</sup> A diferenza do proceso de cambio que se desenvolve no concello de Ourense, no resto de Galicia e en todo o sur de Europa a fecundidade do rural ourensán non cae, e parte dun punto similar ó que chega o seu contorno. Así, se calculámo-lo indicador sintético de fecundidade baseándonos nos datos oficiais, este caracterízase nas áreas non-urbanas, durante os anos oitenta, pola súa estabilidade arredor da unidade.

<sup>5</sup> (IGE, s.d., p. 13). Ademais é preciso sinalar que o IGE ten elaborados indicadores demográficos de Ourense, aínda que só para o total provincial, que incorporan axustes nas poboacións censuais e padroais anteriores a 1991.

<sup>6</sup> Ata o momento, dende a comunidade universitaria tan só hai un traballo que, logo de aproximación á distribución territorial do sobrerexistio no interior da provincia, permite achegarse con rigorosidade ás dinámicas demográficas dos concellos e comarcas ourensás nos últimos anos e que desmitifica, en gran medida, os resultados de estudos anteriores (Viso e Vaamonde, 1998, no prelo).

## ESTIMACIÓN DOS DATOS DE MULLERES FÉRTILES EN 1986 E 1981

Coa finalidade de nos aproximar ó número total e á estrutura por idades da poboación feminina en idade fértil no ano 1986, partimos do grupo de mulleres de idades comprendidas entre os 20 e os 54 anos en 1991 e aplicamos retrospectivamente o método dos superviventes. Posteriormente corriximos estas cifras en función dos movementos migratorios acontecidos no período, co fin de adecualas a unha poboación aberta. No caso do ano 1981 o procedemento é análogo, tomando como base os datos estimados para 1986.

### REXUVENECIMENTO DA POBOACIÓN FEMININA DE 1991: APLICACIÓN RETROSPECTIVA DO MÉTODO DOS SUPERVIVENTES

O método dos superviventes, tamén coñecido como método da poboación esperada, emprégase, polo xeral, co obxectivo de obter unha estimación indirecta da migración neta. Ó igual ca outros procedementos residuais que pretenden chegar a unha aproximación dos saldos migratorios, o dos superviventes supón que coñecemos-lo número de persoas que compoñen a poboación ó inicio e ó final do período analizado. Mediante a aplicación dunhas condicións de mortalidade á poboación inicial, obtense a esperada ó final do intervalo temporal (aplicación prospectiva). A diferenza entre esta última, calculada baixo o suposto de ausencia de migracións, e a poboación observada pola estatística identifícase coa contía da migración neta.

Os resultados dependen da medida en que as probabilidades de supervivencia utilizadas reflictan os niveis de mortalidade, e da calidade dos recensos poboacionais. No caso particular da provincia de Ourense, tanto os datos censuais de 1981 como os padroais de 1986 están sobrevalorados en proporcións significativas, o que implica que o método só se pode aplicar retrospectivamente, por se-lo ano 1991 a única base aparentemente sólida. É evidente que non ten sentido comparalos resultados do método coas poboacións observadas en 1981 e 1986. Sen embargo, a obtención dunha cifra de poboación esperada permitirá achegarnos a unha valoración da contía de mulleres fértiles e á súa estrutura por idades nas datas censuais e padroais citadas.

A probabilidade de supervivencia entre intervalos de idades calcúlase a partir da serie de anos vividos ( $L_x$ ) dunha táboa de vida<sup>7</sup>. Os cocientes de mortalidade necesarios para que nos acheguemos ó valor das  $L_x$  na provincia, na zona urbana e na rural estimáronse, segundo o método de Greville<sup>8</sup>, a partir das correspondentes taxas específicas de mortalidade. Dado que as condicións de mortalidade non son susceptibles de cambios notables en períodos curtos de tempo, o cálculo dunha se-

<sup>7</sup> Ver, por exemplo, Vinuesa *et al.* (1994, pp. 54-64).

<sup>8</sup> Unha boa explicación atópase en Namboodiri *et al.* (1987, pp. 20-31).

rie de probabilidades de supervivencia para un dos anos obxecto de estudio podería constituír unha descrición aceptable do período. Sen embargo, debemos ter en conta que os datos de defuncións segundo idades e sexo son de moi pequena magnitude, están suxeitos en gran medida ós erros de recuento e tamén ás posibles perturbacións que nun ano determinado e, excepcionalmente, poidan afectar ó fenómeno<sup>9</sup>. Co obxecto de atenuar estes efectos procedeu a efectua-lo cálculo da media de mortos dunha serie de anos (centrámonos en cada un dos extremos do período e tomámo-lo valor medio de ámbolos dous resultados)<sup>10</sup> e, complementariamente, a amplia-lo espazo da área poboacional menos numerosa (considerar, soamente para o cálculo das series de supervivencia, a comarca de Ourense<sup>11</sup> en vez do concello).

Na táboa 1, cómpre observar que a proximidade entre as cifras que presentan as áreas urbana e non-urbana permitiría empregar-las probabilidades provinciais en ámbalas dúas zonas, sen alterar significativamente o resultado final. De tódolos xeitos, aceptamos que os cocientes de supervivencia acadados para o sexo feminino son descritivos das condicións medias de mortalidade no período estudado en cada unha das tres áreas territoriais obxecto de análise: provincia de Ourense, municipio de Ourense (urbano) e resto da provincia (non-urbano).

**Táboa 1.-** Probabilidades medias de supervivencia femininas necesarias para o cálculo das mulleres fértiles de Ourense nos anos 1986 e 1981<sup>12</sup>

Idades (anos)	Probabilidades de supervivencia		
	Na provincia	Na área urbana	Na área non-urbana
20-24	0.99837	0.99820	0.99840
25-29	0.99757	0.99699	0.99790
30-34	0.99642	0.99576	0.99691
35-39	0.99489	0.99522	0.99469
40-44	0.99211	0.99141	0.99246
45-49	0.98828	0.98661	0.98912
50-54	0.98457	0.98293	0.98517
55-59	0.97695	0.97272	0.97854

FONTE: Elaboración propia a partir das seguintes estatísticas: censos do INE de 1981 e 1991 e base de datos sobre as defuncións anuais nos concellos de Ourense, 1981-199, da Dirección Xeral de Saúde Pública.

<sup>9</sup> Consúltase (INE, 1993, pp. 9-10).

<sup>10</sup> Respecto do inicio do intervalo, a media céntrase en 1982 no canto de 1981, por non dispormos dos datos de 1980; polo tanto, as cifras finais dependen dos datos sobre defuncións clasificados por sexos e idades en 1981, 1982, 1983, 1990, 1991, e 1992.

<sup>11</sup> Segundo os límites definitivos do mapa comarcal de Galicia aprobado en febreiro de 1997, a comarca de Ourense está formada polos seguintes doce concellos: Amoeiro, Barbadás, Coles, Esgos, Nogueira de Ramuín, Ourense, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén e Vilamarín.

<sup>12</sup> Ó tomar como base o ano 1991, as probabilidades de supervivencia dos grupos de idades comprendidos entre os 20 e os 54 anos son necesarias para calcula-lo número potencial de mulleres en condicións físicas de ter fillos no ano 1986 (divídese a poboación feminina entre os 20 e os 54 anos en 1991, distribuída por grupos quinquenais entre os seus cocientes de supervivencia, e como resultado témo-las mulleres fértiles de cinco anos antes baixo o suposto de poboación pechada). A probabilidade asignada ó grupo de 55 a 59 anos serve para estima-lo número de mulleres que en 1986 tiñan entre 50 e 54 anos, dato imprescindible para obter-lo grupo final de poboación feminina fértil no ano 1981.

## CORRECCIÓN DA POBOACIÓN FEMININA REXUENECIDA EN FUNCIÓN DOS MOVEMENTOS MIGRATORIOS (CUANTIFICACIÓN E DISTRIBUCIÓN POR IDADES)

Indicabamos, no apartado anterior, que o método da poboación esperada permitía achegarnos á contía e á estrutura por idades das mulleres fértiles en 1986, en ausencia de migracións. O seguinte paso, a reestimación deste grupo nunha poboación aberta, non é inmediato. Está condicionado, en moita maior medida, polos datos dispoñibles. Por unha banda, hai que considera-la calidade altamente cuestionable das cifras oficiais sobre movementos migratorios e, por outra, temos que o tamaño da unidade territorial é directamente proporcional á dispoñibilidade de datos. Este último factor obriga a asumir unha maior cantidade de supostos para o caso da estimación nas áreas urbanas e rurais ca para o caso provincial.

Dende o punto de vista das estatísticas, o fenómeno migratorio caracterízase, entre outros elementos, pola súa difícil concreción conceptual e cuantificación. Nos intervalos temporais e nas áreas obxecto de análise podémonos achegar á súa valoración a partir dunha serie de rexistros de movementos migratorios<sup>13</sup> complementarios entre si (estatística de variacións residenciais, de emigración española asistida e de baixas consulares) e, parcialmente, a través das estatísticas de migrantes<sup>14</sup>.

Para a década dos oitenta podemos coñecer-lo total de migracións de entrada e saída na provincia e a contía dos fluxos no interior dela, pero non a súa distribución por concellos. As táboas orixe-destino das migracións que toman como unidade o municipio, e os datos clasificados por sexos e idades, tanto municipais coma provinciais, publícanse por vez primeira no ano 1994<sup>15</sup> e presentan cifras relativas ó ano 1992.

A carencia de datos clasificados por sexos e idades, tanto para a provincia coma para os municipios, implica establecer unha hipótese sobre a participación das mulleres fértiles, por gupos de idades, no total das migracións. Supuxemos que esta foi similar á participación media no período 1992-1994.

Coñecidos os resultados acadados polo método dos superviventes, a contribución por idades das mulleres fértiles nas correntes migratorias e o número total de migracións de entrada e saída, témo-los elementos necesarios para nos achegar á contía e á estrutura por idades deste segmento poboacional na provincia de Ourense, nos anos 1986 e 1981<sup>16</sup>.


<sup>13</sup> Os rexistros de movementos migratorios entre a provincia de Ourense e o resto do mundo aparecen recompilados en IGE (1993).

<sup>14</sup> É unha estatística incluída nos censos de poboación. Pola súa natureza, soamente cuantifica inmigrantes (achega cifras sobre a localización dos individuos nunha data anterior ó momento da observación). Sen embargo, hai que ter en conta que o número de inmigrantes intraprovinciais é idéntico á contía de emigrantes con destino na propia provincia.

<sup>15</sup> IGE (1994) esta publicación é o inicio dunha serie anual con continuidade hoxe en día.

<sup>16</sup> A poboación feminina en 1981 obtense a partir da de 1986 corrixida. Esta última identifícase coa diferenza entre a esperada e o saldo migratorio.





FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da publicación anual IGE: *Movements migratorios de Galicia. Datos municipais e provinciais*.

**Táboa 2.- Poboación feminina fértil por grupos de idade na provincia de Ourense en 1986 e 1981**

Idades	Poboación feminina 1986			Poboación feminina 1981		
	Esperada	SM estimado	Corrixida	Esperada	SM estimado	Corrixida
15-19 anos	11.614	-145	11.759	10.902	-136	11.038
20-24 anos	10.666	-218	10.884	10.783	-211	10.994
25-29 anos	10.629	-138	10.767	9.693	-156	9.849
30-34 anos	9.645	-16	9.662	9.958	-53	10.011
35-39 anos	10.017	98	9.920	10.505	45	10.460
40-44 anos	10.659	220	10.438	10.125	139	9.986
45-49 anos	10.299	271	10.029	13.531	179	13.352
TOTAL	73.529	72	73.457	75.497	-193	75.690

FONTE: elaboración propia a partir das seguintes estatísticas: INE: Censo de 1991. IGE (1993): *Movements migratorios de Galicia. Series estadísticas 1962-1991*. IGE: *Movements migratorios de Galicia. Datos municipais e provinciais*. Anos 1992, 1993, 1994 (tres volumes). Dirección Xeral de Saúde Pública: base de datos sobre as defuncións anuais nos concellos de Ourense, 1981-1991.

Respecto á área urbana, as estatísticas dispoñibles ofrecen datos sobre o número total de inmigrantes<sup>17</sup> pero ignoran totalmente os emigrantes ou os movementos que teñen esta orixe. A valoración destes fíxose a partir da desagregación espacial das cifras provinciais, mediante o estimador sintético de Purcell e Linacre, e da

<sup>17</sup> Aparecen recollidos no censo de poboación de 1991 do INE.

aplicación ó período intercensal da distribución municipal media dos movementos emigratorios acontecidos nos primeiros anos da década dos noventa<sup>18</sup>.

**Táboa 3.- Poboación feminina fértil por grupos de idade na área urbana en 1986 e 1981**

Idades	Poboación feminina 1986			Poboación feminina 1981		
	Esperada	SM estimado	Corrixida	Esperada	SM estimado	Corrixida
15-19 anos	4.114	-37	4.151	3.945	-19	3.964
20-24 anos	3.886	-49	3.934	3.904	-23	3.927
25-29 anos	3.892	-8	3.900	3.679	5	3.674
30-34 anos	3.694	34	3.660	3.677	31	3.646
35-39 anos	3.737	73	3.664	3.437	54	3.384
40-44 anos	3.542	126	3.416	2.759	88	2.670
45-49 anos	2.874	146	2.729	3.238	101	3.137
TOTAL	25.739	284	25.455	24.639	237	24.402

FONTE: Ídem cadro 2.

A contía de mulleres fértiles por grupos de idades na área non-urbana obtense pola diferenza entre os resultados provinciais e os da zona urbana.

**Táboa 4.- Poboación feminina fértil por grupos de idade na área non-urbana en 1986 e 1981**

Idades	Poboación feminina 1986			Poboación feminina 1981		
	Provincial	Urbana	Non-urbana	Provincial	Urbana	Non-urbana
15-19 anos	11.759	4.151	7.607	11.038	3.964	7.074
20-24 anos	10.884	3.934	6.949	10.994	3.927	7.068
25-29 anos	10.767	3.900	6.866	9.849	3.674	6.175
30-34 anos	9.662	3.660	6.001	10.011	3.646	6.365
35-39 anos	9.920	3.664	6.255	10.460	3.384	7.076
40-44 anos	10.438	3.416	7.022	9.986	2.670	7.315
45-49 anos	10.029	2.729	7.300	13.352	3.137	10.215
TOTAL	73.457	25.455	48.002	75.690	24.402	51.288

FONTE: Ídem cadro 2.

## COMPARACIÓN ENTRE AS POBOACIÓNS ESTIMADAS E AS OFICIAIS

O censo de 1981 e o padrón de 1986 sobrevaloran o total da poboación feminina en idade fértil da provincia de Ourense nunha magnitude moi similar, aproximadamente, un tercio da súa poboación real. Sen embargo, este sobrerrexistro non se reparte homoxeneamente polo territorio; de feito, pódese afirmar que se concentra na súa totalidade nas áreas rurais, onde as cifras oficiais son case un cincuenta por cento maior cás estimadas. Obsérvase tamén que a calidade dos datos

<sup>18</sup> A descrición detallada dos procedementos seguidos pódese consultar en Viso e Vaamonde (no prelo).

de poboación mostrados polo censo de 1981, lonxe de aumentar con motivo do padrón de 1986, empeorou lixeiramente.

Táboa 5.- Comparación entre as poboacións estimadas e as oficiais

	1986			1981		
	Estimada	Oficial	Estimada=100	Estimada	Oficial	Estimada=100
Rural	48.002	71.023	148	51.288	73.920	144
Urbano	25.455	26.085	102	24.402	23.905	98
Provincia	73.457	97.108	132	75.690	97.825	129

FONTE: Ídem cadro 2.

Coas novas cifras de partida estamos en condicións de aproximarnos ó curso dunha variable: a fecundidade, nun período, o último intercensal, e nun espacio, Ourense, que ata o momento se presentaba escuro e confuso. Na seguinte alínea valerémonos das taxas de fecundidade por idades, da concentración nos grupos de idades centrais, dos indicadores resumo do calendario e da intensidade do fenómeno, como principais instrumentos analíticos.


### A FECUNDIDADE EN OURENSE: EVOLUCIÓN COMPARADA (1981-1991)

No proceso de cambio que comeza a experimenta-la fecundidade do sur de Europa a mediados da década dos setenta, a intensidade da caída, o seu carácter continuo e os niveis tan baixos acadados diferencian a de España da do resto de países. A traxectoria debuxada pola fecundidade galega evoluciona por debaixo e case en paralelo á española, polo que ademais de participar das súas características diferenciadoras acentúa algunha delas. Polo tanto, non é unha particularidade da demografía galega que os descensos no índice sintético de fecundidade<sup>19</sup> (ISF) sexan especialmente intensos ata 1986 e que persistan, aínda que ralentizados, no transcurso das datas posteriores, senón que comparte co conxunto español un mesmo perfil evolutivo. En común coas comunidades autónomas do norte de España, Galicia deixa de asegura-la substitución das xeracións<sup>20</sup> con anterioridade á media española e mantén uns graos de fecundidade inferiores a esta.

<sup>19</sup> O ISF, tamén coñecido como indicador conxuntural de fecundidade, suma dos nacementos reducidos, fecundidade acumulada, taxa total de fecundidade ou, simplemente, número medio de fillos por muller, correspóndese coas condicións de fecundidade dun período curto, normalmente un ano. O seu carácter conxuntural determina que poida variar baixo os efectos do calendario (o feito de que as mulleres teñan fillos antes ou despois) o tempo que segue ás variacións tendenciais da intensidade (que se teñan máis ou menos fillos en total).

<sup>20</sup> A substitución xeracional, establecida en 2,1 fillos por muller, corresponde ó nivel de fecundidade que asegura a substitución das sucesivas xeracións de nados por outras de igual tamaño.


Gráfica 2.- ISF en Galicia, España, Unión Europea, 1974-1994



FONTE: Elaboración propia a partir de INE.

No discorrer do último período intercensal, entre 1981 e 1991, as transformacións no comportamento reproductivo das mulleres galegas reflíctense na decisión de ter case a metade de fillos ó final que ó inicio do intervalo. Para os efectos divulgativos poderíase dicir que a década dos oitenta marca o paso da parella ó fillo único; evidentemente falamos de termos medios onde a decisión de non ter fillos se ve compensada pola de ter máis dun.

Gráfica 3.- ISF Galicia, Ourense



FONTE: Elaboración propia a partir de datos estimados.

O ISF parte en Galicia, en 1981, do valor 1,99 e chega a establecerse, en 1991, en 1,14 fillos por muller. En dez anos a diminución relativa da fecundidade galega equivale a un 0,43 por un. En Ourense comeza cun valor de 1,75 e remata o período en 1,07 fillos por muller, tras descender en termos relativos un 0,39 por un. A primeira diferenza substancial entre a fecundidade en Galicia e a da súa provincia interior está nos niveis reflectidos. Se atendemos ó inicio do intervalo observamos

que son necesarias catro mulleres ourensás para teren sete fillos mentres que a mesma cantidade de galegas tería un fillo máis. Ourense mantívose nos anos anteriores nun ritmo similar ó do período 1981-1991; abandona o nivel da substitución xeracional no terceiro cuarto dos setenta e anticipase así en tres ou catro anos ó conxunto galego que o fai no albor da década dos oitenta.

**Táboa 6.-** Evolución ISF (tantos por 1)

	Galicia	Ourense		
		Urbano	Rural	Provincia
1981	1,99	1,95	1,73	1,75
1986	1,34	1,40	1,35	1,37
1991	1,14	1,23	0,98	1,07

FONTE: Ídem. gráfica 3.

**Táboa 7.-** Intensidade da caída do ISF (tantos por 1)

	Galicia	Ourense		
		Urbano	Rural	Provincia
1981-86	0,33	0,28	0,22	0,22
1986-91	0,15	0,12	0,27	0,22
1981-91	0,43	0,37	0,43	0,39

FONTE: Ídem. gráfica 3.

Tal e como amosarían as cifras oficiais existe unha converxencia, absoluta e relativa, entre os valores da fecundidade acumulada na provincia de Ourense e no total de Galicia, pero nin é da magnitude que estas sinalan nin é continua.


En primeiro lugar, no tocante á magnitude, non debemos esquecer que os datos estimados mostran unha poboación feminina fértil significativamente menor cá rexistrada polas cifras oficiais. Como os nacementos son os mesmos, este feito provoca que tódolos indicadores de Ourense melloren no sentido de aumenta-lo nivel de fecundidade que reflicten. Ó partir dun punto próximo ó do conxunto galego, a converxencia é moito menos espectacular. En segundo lugar, con respecto á continuidade, obsérvase que, tras un proceso no que se reducen as disparidades, por vez primeira en 1986 Galicia presenta un grao de fecundidade lixeiramente menor ca Ourense. Sen embargo, no segundo quinquenio, entre 1986 e 1991, desándase parte do camiño, é dicir, orixínase un proceso en sentido contrario que devolverá cada un dos espazos ás posicións ocupadas no comezo dos oitenta, aínda moito máis próximas entre si. As diferencias son tan pequenas que, sen excesivo rigor, se podería afirmar que dende mediados da década dos oitenta Galicia e a súa provincia interior comparten os mesmos niveis de fecundidade.

Polo exposto ata o de agora, é evidente que Ourense non comparte a traxectoria de fecundidade común ó conxunto galego e ó total español. Recordemos que Gali-

cia se caracteriza pola considerable desaceleración da caída da fecundidade na segunda metade dos oitenta e os principios dos noventa, de tal xeito que entre 1986 e 1991 rexistra unha baixa do 0,15 por 1 fronte a pouco máis do dobre no quinquenio anterior. A súa provincia interior evoluciona sen altera-lo seu ritmo, descende en termos relativos o mesmo no primeiro lustro ca no segundo: un 0,22 por 1.

Como recompilación moi xeral, a redución da maternidade caracterízase en Ourense, Galicia e España, con respecto ó contorno europeo, pola súa maior intensidade, o seu carácter continuo e os niveis tan baixos acadados. Tamén é posible establecer, entre outros elementos, similitudes respecto da contía da diminución relativa do número medio de fillos por muller no total do decenio, aproximadamente un corenta por cento, e observar unha traxectoria diferencial ourensá. A análise Galicia-Ourense é extrapolable á evolución da fecundidade acumulada na capital provincial e nas áreas non-urbanas. Ámbolos dous espazos participan das características comúns e, con matices de escasa relevancia, difiren nos mesmos elementos e medidas. Os graos de fecundidade acadados pola provincia están determinados polos valores tan baixos que presenta a área rural, que escurecen o mellor comportamento da área urbana comparados cos niveis indicados para o conxunto de Galicia<sup>21</sup>.

**Gráfica 4.-** ISF urbano, rural



FONTE: ídem. gráfica 3.

Non é novidoso que a caída da fecundidade acumulada non se reparte homoxeneamente polos grupos de idades. A redución da maternidade leva consigo unha alteración do calendario ou da contribución relativa de cada grupo ó ISF. No discurrir dos oitenta, en Ourense, do mesmo xeito ca no conxunto galego e español, o

<sup>21</sup> Estes resultados suxiren unha revisión da frecuentemente aludida relación inversa entre os graos de urbanización e de fecundidade.




descenso da intensidade da fecundidade é simultáneo a un aumento na idade media á maternidade (IMM), é dicir, as mulleres deciden ter menos fillos e a idades máis tardías<sup>22</sup>.

Táboa 8.- Evolución da fecundidade en Galicia no período 1981-1991

Idades	Taxas de fecundidade por idades (tantos por mil)		
	1981	1986	1991
15-19 anos	38,98	24,27	13,76
20-24 anos	124,12	82,24	56,07
25-29 anos	117,10	85,37	78,84
30-34 anos	70,83	53,57	54,03
35-39 anos	36,42	23,33	20,81
40-49 anos	5,54	3,82	2,52
ISF	1,99	1,34	1,14
IMM	27,23	27,34	28,09

FONTE: Ídem. da gráfica 3.

Gráfica 5.- Taxas de fecundidade por grupos de idade en Galicia nos anos 1981, 1986 e 1991



FONTE: Ídem. da gráfica 3.

A década dos oitenta caracterízase, ademais, por un aumento progresivo da concentración da fecundidade nos grupos de idades centrais, entre os vintecinco e os trinta e catro anos. Ó comezo do período explican preto dun 80% do fenómeno e elevan, co transcorrer do tempo, a súa capacidade explicativa en tres ou cinco puntos, límites que se corresponden co Ourense rural e co urbano, respectivamente. Entre estes límites atópase a media galega.


<sup>22</sup> A evolución dos indicadores de intensidade e mailo calendario da fecundidade que xustifican esta afirmación con respecto a España pódense atopar en Gil Alonso (1997).

Táboa 9.- Evolución da fecundidade en Ourense no período 1981-1991

Idades	Taxas de fecundidade por idades (tantos por mil)		
	1981	1986	1991
15-19 anos	34,43	21,69	13,34
20-24 anos	116,88	85,08	52,01
25-29 anos	103,67	82,76	76,72
30-34 anos	66,73	53,93	50,31
35-39 anos	28,97	23,09	18,01
40-49 anos	5,61	3,66	2,14
ISF	1,75	1,37	1,07
IMM	27,20	27,38	27,99

FONTE: Ídem. da gráfica 3.

Gráfica 6.- Taxas de fecundidade por grupos de idade na provincia de Ourense nos anos 1981, 1986 e 1991




FONTE: Ídem. da gráfica 3.

A evolución das respectivas taxas específicas por idades en Galicia e Ourense, incluíndo a capital e a área non-urbana, mostra graficamente no quinquenio 1981-86 un perfil cada vez máis achatado, como consecuencia dun descenso xeneralizado da fecundidade en tódalas idades, que vai acompañado dun atraso no valor modal: a contribución relativa ó ISF dos grupos de idades máis novos é menor ó final ca ó inicio do intervalo. Na segunda metade do período intercensal, o calendario segue avellentándose mentres que a redución da maternidade non é común en tódolos grupos de idades. Comeza unha etapa na que a tendencia é a estabilización da fecundidade por riba dos vintecinco anos. Hai que salienta-la tímida recuperación da fecundidade galega entre os 30-34 anos, e entre os 25-34, no caso da capital ourensá.

**Táboa 10.-** Evolución da fecundidade na área urbana da provincia de Ourense, 1981-1991

Idades	Taxas de fecundidade por idades (tantos por mil)		
	1981	1986	1991
15-19 anos	33,04	20,96	11,65
20-24 anos	118,68	76,50	55,57
25-29 anos	114,59	89,74	90,67
30-34 anos	78,99	61,47	64,05
35-39 anos	32,51	24,29	19,55
40-49 anos	6,20	3,74	2,63
ISF	1,95	1,40	1,23
IMM	27,50	27,72	28,30

FONTE: Ídem. da gráfica 3.


**Gráfica 7.-** Taxas de fecundidade por grupos de idade na zona urbana da provincia de Ourense nos anos 1981, 1986 e 1991

FONTE: Ídem. da gráfica 3.

**Táboa 11.-** Evolución da fecundidade na área non-urbana da provincia de Ourense 1981-1991

Idades	Taxas de fecundidade por idades (tantos por mil)		
	1981	1986	1991
15-19 anos	35,20	22,08	14,29
20-24 anos	115,88	89,94	50,06
25-29 anos	97,17	78,79	68,72
30-34 anos	59,70	49,32	42,40
35-39 anos	27,27	22,38	17,04
40-49 anos	5,42	3,63	1,88
ISF	1,73	1,35	0,98
IMM	27,03	27,17	27,75


FONTE: Ídem. da gráfica 3.

**Gráfica 8.-** Taxas de fecundidade por grupos de idade na zona non-urbana da provincia de Ourense nos anos 1981, 1986 e 1991

FONTE: Ídem. da gráfica 3.

No total do decenio 1981-1991 o comportamento reprodutivo do grupo de mulleres entre os vinte e os vintecatro anos é o elemento clave na explicación da evolución da fecundidade, tanto en Galicia coma nas áreas urbanas e rurais de Ourense. A caída vertixinosa das taxas deste grupo determinan o atraso do calendario e a redución da maternidade. En tódolos espazos parte como o segmento poboacional que ten a maior cantidade de fillos por muller, cuns valores aproximados do 120 por mil, e chega, ó final do período, a cifras comprendidas na franxa limitada polo 50 e 60 por mil.

A análise das TFI permite afirmar que Galicia e a provincia de Ourense, dende mediados dos oitenta, ademais de compartí-los mesmos niveis de fecundidade teñen a mesma contribución relativa de cada grupo de idade ó ISF, é dicir, teñen un calendario de fecundidade común.

**Gráfica 9.-** Taxas de fecundidade por idades en Galicia e Ourense en 1981, 1986 e 1991

FONTE: Ídem. da gráfica 3.



## CONCLUSIÓNS

Unha das principais contribucións deste artigo é a de presentar unhas cifras adecuadas á realidade demográfica ourensá e, en xeral, á galega en moita maior medida cás oficiais. Os datos estimados mostran unha poboación feminina fértil significativamente menor cá sinalada polo censo de 1981 e o padrón de 1986, o que provoca que tódolos indicadores de Ourense melloren no sentido de aumentalo nivel de fecundidade que reflicten. *O sobrerrexistro concéntrase case na súa totalidade nas áreas rurais, onde as cifras oficiais son case un cincuenta por cento maior cás estimadas.*

Se atendemos ás medicións da intensidade, do calendario e da concentración da fecundidade, a evolución do fenómeno na provincia de Ourense, tanto no espazo urbano coma no rural, ten unha serie de riscos comúns co que acontece no conxunto de Galicia. En primeiro lugar, temos que se produce un *descenso ininterrompido* dos graos de fecundidade sinalados polo ISF ó mesmo tempo que ocorre unha *elevación da idade media á maternidade* ou avellentamento do calendario. Estes procesos van acompañados, ademais, dun *aumento da concentración da fecundidade* nos grupos de idades centrais, dos vinte ós trinta e catro anos, que explican en máis dun oitenta por cento a evolución do fenómeno. En tódolos casos o *elemento clave* da caída da natalidade, e máis concretamente da fecundidade, está no *comportamento reproductivo do conxunto de mulleres de idades comprendidas entre os vinte e os vinte e catro anos*; a súa conducta determina tanto o maior peso relativo dos grupos de idade máis vellos coma a redución da maternidade.

O ritmo de descenso non se reparte homoxeneamente polos diferentes espazos. Galicia caracterízase, na segunda metade da década pasada, pola desaceleración da caída da fecundidade, trazo común ó conxunto español pero non á súa provincia interior. A baixada continua do ISF tampouco non é xeneralizable a tódalas idades; de feito, *algúns cohortes mudan o seu comportamento reproductivo en sentido contrario ó resto e deciden ter máis fillos cós que tiveran as nais á mesma idade en anos anteriores. A estabilización e, en ocasións, a recuperación da fecundidade por riba dos vinte e cinco anos explica as diferentes traxectorias do número medio de fillos por muller.*

## ANEXO TÁBOAS

Táboa 1.- Evolución da natalidade, 1981-1991

Evolución da TBN (tantos por 1000)					Caída da TBN (tantos por 1)				
	Ourense					Ourense			
	Galicia	Urbano	Rural	Provincia		Galicia	Urbano	Rural	Provincia
1981	13,4	15,1	8,9	10,5	1981-86	0,29	0,28	0,20	0,23
1986	9,5	10,8	7,1	8,1	1986-91	0,15	0,18	0,23	0,19
1991	8,1	8,9	5,5	6,6	1981-91	0,40	0,41	0,38	0,37

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 2.- Evolución da taxa global de fecundidade xeral, 1981-1991

Evolución da TGFX (tantos por 1000)					Caída da TGFX (tantos por 1)				
	Ourense					Ourense			
	Galicia	Urbano	Rural	Provincia		Galicia	Urbano	Rural	Provincia
1981	57,17	59,50	45,55	50,05	1981-86	0,28	0,29	0,17	0,21
1986	41,07	42,23	37,96	39,44	1986-91	0,18	0,15	0,25	0,21
1991	33,69	35,82	28,43	31,10	1981-91	0,41	0,40	0,38	0,38

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 3.- Evolución das TFI, 1981-1991. Base 1981=100

Galicia				Ourense urbano			
Idades	1981	1986	1991	Idades	1981	1986	1991
15-19	100	62,27	35,29	15-19	100	63,42	35,25
20-24	100	66,26	45,17	20-24	100	64,46	46,82
25-29	100	72,90	67,33	25-29	100	78,32	79,13
30-34	100	75,63	76,29	30-34	100	77,82	81,08
35-39	100	64,08	57,16	35-39	100	74,71	60,15
40-49	100	68,95	45,49	40-49	100	60,32	42,42
ISF	100	67,34	57,29	ISF	100	71,79	63,08

FONTE: Elaboración propia.

Ourense provincia				Ourense rural			
Idades	1981	1986	1991	Idades	1981	1986	1991
15-19	100	62,99	38,74	15-19	100	62,74	40,58
20-24	100	72,80	44,50	20-24	100	77,62	43,20
25-29	100	79,83	74,01	25-29	100	81,09	70,72
30-34	100	80,82	75,40	30-34	100	82,62	71,02
35-39	100	79,69	62,16	35-39	100	82,06	62,49
40-49	100	65,24	38,15	40-49	100	66,97	34,69
ISF	100	78,21	61,09	ISF	100	78,03	56,65

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 4.- Calendario da fecundidade, 1981-1991 (contribución relativa ó ISF das TFI; suma das taxas = 100)

Ourense urbano					Ourense rural				
Idades	1981	1986	1991	$\Delta 1981-91$	Idades	1981	1986	1991	$\Delta 1981-91$
15-19	8,60	7,57	4,77	-3,83	15-19	10,33	8,30	7,35	-2,98
20-24	30,90	27,65	22,76	-8,14	20-24	34,02	33,79	25,75	-8,26
25-29	29,84	32,43	37,14	7,30	25-29	28,53	29,60	35,35	6,83
30-34	20,57	22,22	26,24	5,67	30-34	17,53	18,53	21,81	4,29
35-39	8,47	8,78	8,01	-0,46	35-39	8,01	8,41	8,77	0,76
40-49	1,61	1,35	1,08	-0,54	40-49	1,59	1,36	0,97	-0,62
ISF	100,00	100,00	100,00	0,00	ISF	100,00	100,00	100,00	0,00
20-34	81,31	82,30	86,14	4,83	20-34	80,07	81,93	82,92	2,85

FONTE: Elaboración propia.

Galicia				
Idades	1981	1986	1991	$\Delta 1981-91$
15-19	9,02	8,90	6,09	-3,83
20-24	31,58	30,17	24,81	-6,78
25-29	29,80	31,32	34,88	5,08
30-34	18,02	19,65	23,90	5,88
35-39	9,27	8,56	9,21	-0,06
40-49	1,41	1,40	1,11	-0,29
ISF	100,00	100,00	100,00	0,00
20-34	79,40	81,14	83,59	4,19

FONTE: Elaboración propia.

IMM (resumo do calendario)			
	1981	1986	1991
Galicia	27,23	27,34	28,09
Ourense	27,20	27,38	27,99
Urbano	27,50	27,71	28,30
Non-urbano	27,03	27,17	27,75

FONTE: Elaboración propia.

## BIBLIOGRAFÍA

- BOTELLA LLUSIÀ, J.; CAMPO URBANO, S. DEL [ed.] (1997): *La explosión demográfica y la regulación de la natalidad*. Madrid: Síntesis.
- CAMPO, S. DEL; NAVARRO LÓPEZ, M. (1987): *Nuevo análisis de la población española*. (Ariel Sociología). Madrid: Ariel.
- DELGADO, M. (1990): *La fecundidad en España por grupos de edad. 1975-1985*. (Serie Documentos de Trabajo, Instituto de Demografía). Madrid: CSIC.
- DOPICO, F.; LOSADA, A. (1996): "Tendencias demográficas de un país de antiguos emigrantes", *Papeles de Economía Española. Serie Economía de las Comunidades Autónomas: Galicia*, núm. 16, pp. 71-81.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (1996): *Fecundidade e actividade en Galicia, 1970-1993*. (Documento de Trabajo, Área de Economía Aplicada). IDEGA.
- FERRÁS SEXTO, C. (1996): "Movimientos migratorios, cambio socioeconómico e desenvolvemento rexional en Galicia (1970-1990)", *Estudios Migratorios*, núm. 2, pp. 85-121.
- FERRER REGALES, M. (1975): *La población, entre la vida y la muerte*. Barcelona: Prensa Española / Magisterio Español.
- GÉRARD, H.; WUNSCH, G. (1975): *Demografía*. Madrid: Pirámide.
- GIL ALONSO, F.; CABRÉ, A. (1997): "El crecimiento natural de la población española y sus determinantes", en R. Puyol [ed]: *Dinámica de la población española. Cambios demográficos en el último cuarto del siglo XX*, pp. 47-144. Madrid: Síntesis.
- GIRARD, A. (1986): *El hombre y la masa. Consecuencias de la revolución demográfica*. (Espasa Universidad). Madrid: Espasa Calpe.

Ourense provincia				
Idades	1981	1986	1991	$\Delta 1981-91$
15-19	9,66	8,03	6,27	-3,39
20-24	32,81	31,49	24,47	-8,33
25-29	29,10	30,63	36,10	7,00
30-34	18,73	19,96	23,67	4,94
35-39	8,13	8,54	8,47	0,34
40-49	1,57	1,35	1,01	-0,57
ISF	100,00	100,00	100,00	0,00
20-34	80,63	82,08	84,25	3,61

HENRY, L. (1983): *Manual de demografía histórica. Técnicas de análisis*. Barcelona: Crítica.INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA: *Censo de poboación e vivendas 1991. Resultados provisionais (mostra-avance)*. Galicia. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda.INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1993): *Movimentos migratorios de Galicia. Series estadísticas 1962-1991*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda.INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1994): *Movimentos migratorios en Galicia 1992. Datos municipais e provinciais*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda.INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1995): *Movimentos migratorios en Galicia 1993. Datos municipais e provinciais*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda.INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (1997): *Movimentos migratorios en Galicia 1994. Datos municipais e provinciais*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda.INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1993): *Tablas de mortalidad de la población española 1900-1991*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística.INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1998): *Evolución de la fecundidad en España. 1970-1994. Total nacional. Comunidades autónomas. Provincias*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística.JACQUARD, A. (1994): *La explosión demográfica*. Madrid: Debate Dominós.LEGUINA, J. (1992): *Fundamentos de demografía*. 5ª ed. Madrid: Siglo Veintiuno de España.LIVI-BACCI, M. (1993): *Introducción a la demografía*. (Ariel Historia). Barcelona: Ariel.LIVI-BACCI, M. (1990): *Historia mínima de la población mundial*. (Ariel Historia) Barcelona: Ariel.Livi-Bacci, M. (1988): *Ensayo sobre la historia demográfica europea. Población y alimentación en Europa*. (Ariel Historia). Barcelona: Ariel.LIVI-BACCI, M.; PANTA, L. DEL (1990): *La cuestión demográfica*. (Colección El Mundo Contemporáneo—Serie Economía e Historia—). Barcelona: Oikos-tau.LÓPEZ, A. (1996): *A poboación galega entre 1960 e 1991*. Vigo: Consorcio da Zona Franca de Vigo.LÓPEZ TABOADA, J.A. (1996): *La población de Galicia 1860-1991. Crecimiento, movimiento natural y estructura de la población de Galicia*. (Serie Informes Sectoriales 10). A Coruña: Fundación Caixa Galicia.LOSADA, A.; VISO, P. (1997): "Fontes estadísticas oficiais españolas de movimientos migratorios exteriores: unha revisión crítica", *Estudios Migratorios*, núm. 4, pp. 83-105.MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA (1986): *Tendencias demográficas y planificación económica. Actas y debates del Simposio internacional organizado por la Secretaría General de Economía y Planificación, con la colaboración de la Sociedad Española de Estudios de Población*. Madrid: Ministerio de Economía y Hacienda.NADAL, J. (1991): *La población española. Siglos XVI a XX*. 4ª ed. Barcelona: Ariel.

- NAMBOODIRI, K.; SUCHINDRAN, C.M. (1987): *Life Table Techniques and Their Applications*. Wisconsin: Academic Press.
- PRESSAT, R. (1977): *La práctica de la demografía*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- PRESSAT, R. (1979): *Demografía estadística*. Barcelona: Ariel.
- PRESSAT, R. (1983): *Los métodos en demografía*. Barcelona: Oikos-tau.
- PRESSAT, R. (1985): *Introducción a la demografía*. Barcelona: Ariel.
- PRESSAT, R. (1993): *El análisis demográfico. Conceptos-métodos-resultados*. (2ª ed. en español). Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- PUYOL ANTOLÍN, R. (1996): *La población española*. 2ª ed. Madrid: Síntesis.
- PUYOL ANTOLÍN, R. (1990): *Población y espacio. Problemas demográficos mundiales*. 2ª ed. (Cuadernos de Estudio. Serie Geografía). Madrid: Cincel.
- RODRÍGUEZ OSUNA, J. (1985): *Población y territorio en España. Siglos XIX y XX*. (Espasa Universitaria-Sociología). Madrid: Espasa Calpe.
- TAPINOS, G. (1988): *Elementos de demografía*. (Espasa Universidad). Madrid: Espasa Calpe.
- TRASHORRAS MONTECELOS, M. (1994): "Evolución y dinámica demográfica espacial de la provincia de Orense", *Miniús. Revista do departamento de Historia, Arte e Xeografía*, núm II-III, pp. 181-197. Vigo: Do Castro.
- VALLIN, J. (1995): *La demografía*. (Alianza Universidad). Madrid: Alianza.
- VALLIN, J. (1995): *La población mundial*. (Alianza Universidad). Madrid: Alianza.
- VINUESA ANGULO, J. [ed.]; ZAMORA, F.; GÉNOVA, R.; SERRANO, P.; RECAÑO, J. (1994): *Demografía. Análisis y proyecciones*. Madrid: Síntesis.
- VISO, P.; VAAMONDE, R. (en prensa): *A dinámica da poboación de Ourense. Estimación orixinal e tipoloxía comarcal e municipal*. (Documento de Trabajo, Área de Economía Aplicada) IDEGA.
- WEEKS, J.R. (1993): *Sociología de la población*. (Alianza Universidad Textos). Madrid: Alianza.

**Notas  
breves**